


UNIVERSIDADE
DE VIGO

ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA

PLAN DE MELLORAS 2006/2007

Aprobado en Consello de Centro o 6/11/06



Plan de Melloras da ESEI 2006/2007

(Aprobado polo Consello de Centro o 6/11/2006)

Obxectivos xerais do Plan

O obxectivo deste Plan de Accións de Mellora 2006/2007 é seguir avanzando pola senda marcada no Plan de Melloras 2005/2006. A Universidade en xeral, e os Centros en particular, están cada vez máis obrigados a adoptar unha cultura integral da calidade como único xeito de competir e facer fronte ós novos retos das reformas de todo tipo que se están a producir dende fai xa varios anos no ámbito universitario.

O equipo de Dirección da ESEI presenta unha relación de accións de mellora agrupadas en tres grandes planes.

- 1) Un **Plan de Relacións Exteriores e Institucionais**, que tenta achegar aínda máis o noso Centro á realidade empresarial e laboral do noso ámbito, ao tempo que se desenvolve unha imaxe de marca recoñecible e de prestixio.
- 2) Un **Plan de Calidade Docente e Adaptación ó Espacio Europeo de Educación Superior** (EEES). As accións recollidas neste epígrafe van dirixidas ao fomento das iniciativas de converxencia co EEES e a mellorar a formación e os resultados académicos do noso alumnado (porcentaxes de presentados e aprobados nos exames, redución do tempo medio necesario para a superación das titulacións,...).
- 3) Un **Plan de Xestión de Procesos e Sistemas de Información**, que ten por obxectivo principal dotar á ESEI de sistemas de información de especial interese en diferentes ámbitos como a docencia e a xestión.

Cada un destes plans está formado por unha serie de accións de mellora a levar a cabo durante o actual curso académico. Hai accións que precisarán de financiación específica, mentras que outras, aínda que sen coste económico, precisarán do esforzo e a colaboración de todos os que estudan e traballan na ESEI.

Para financiar as accións que o precisen o Centro utilizará as partidas do Programa de Calidade e as propias do Centro, así como as fontes de financiación externas que poida conseguir.

RELACIÓN E FINANCIACIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA

Código	Acción	Financiación 2006	Financiación 2007	Responsable seguimento
PLAN DE RELACIÓNS EXTERIORES E INSTITUCIONAIS				
AM-RE-01/0607	Plan de cooperación con institucións e empresas	0 €	0 €	Eva Lorenzo
AM-RE-02/0607	Plan de comunicación cos egresados	0 €	1000 €	Eva Lorenzo
AM-RE-03/0607	Plan de mobilidade de profesores, PAS e alumnos	0 €	-	Eva Lorenzo
AM-RE-04/0607	Plan de imaxe corporativa e difusión da ESEI	1800 €	7400 €	Enrique Barreiro
PLAN DE CALIDADE DOCENTE E ADAPTACIÓN Ó EEES				
AM-CD-01/0607	Plan de tutorías de orientación para novos alumnos	2000 €	0 €	Victoria Luzón
AM-CD-02/0607	Plan de adaptación ó EEES	3000 €	7000 €	Victoria Luzón
AM-CD-03/0607	Plan de formación complementaria	600 €	4600 €	Victoria Luzón
AM-CD-04/0607	Plan de mellora do aprendizaxe (reducción de non presentados)	3000 €	4200 €	Victoria Luzón
AM-CD-05/0607	Plan de mellora do aprendizaxe (rendimiento académico)	2500 €	10500 €	Victoria Luzón
PLAN DE XESTIÓN DE PROCESOS E SISTEMAS DE INFORMACIÓN				
AM-PS-01/0607	Plan de sistemas de información	13500 €	4800 €	Javier Rodeiro
AM-PS-02/0607	Plan de definición e publicación de procedimentos da ESEI	0 €	0 €	Enrique Barreiro
TOTAL		26.400 €	39.500 €	65.900 €

RELACIÓNS EXTERIORES E INSTITUCIONAIS

AM-RE-01/0607: PLAN DE COOPERACIÓN CON INSTITUCIONS E EMPRESAS	
Obxectivos	O 15% dos alumnos titulados anualmente na ESEI terán realizado prácticas en empresas.
Actuacións previstas	Establecer un calendario de prácticas en empresas
	Contactar con empresas para fixar o número de prácticas ofertadas
	Establecer un mecanismo de solicitude e adxudicación de prácticas
	Solicitar informe de seguimento ás empresas
Financiación	0 €
Observacións	

AM-RE-02/0607: PLAN DE COMUNICACIÓN COS EGRESADOS	
Obxectivos	Establecer contactos, a través de diferentes vías, cos egresados para que transmitan á ESEI posibles melloras nos planos de estudos, necesidades de formación continua, etc.
Actuacións previstas	Crear unha asociación de antigos alumnos
	Publicar a web de antigos alumnos desenvolvida durante o curso pasado
	Realizar encontros entre egresados, asociacións, profesionais, alumnos e profesores para o intercambio de experiencias.
	Obter financiación do Vicerrectorado para organizar as charlas
Financiación	Cantidade: 1000 € Concepto: pagar o desprazamento dos participantes nestos encontros
Observacións	

AM-RE-03/0607: PLAN DE MOBILIDADE DE PROFESORES, PAS E ALUMNOS	
Obxectivos	Acadar as ratios medias da Universidade no referente a programas de mobilidade.
Actuacións previstas	Enviar información periódica aos alumnos, fomentando a súa participación nos programas de mobilidade.
	Publicar información sobre mobilidade na web da ESEI
	Aumentar os convenios con universidades nacionais e estranxeiras
	Realizar encontros ou charlas para que os alumnos ou profesores compartan as súas experiencias nos programas de mobilidade.
Financiación	Sen financiación
Observacións	

AM-RE-04/0607: PLAN DE IMAXE CORPORATIVA E DIFUSIÓN DA ESEI	
Obxectivos	Desenvolver e divulgar unha imaxe corporativa e de marca da ESEI. Incrementar nun 20% o número de alumnos que soliciten preinscripción na ESEI no curso 2007/2008
Actuacións previstas	Desenvolver unha imaxe de marca recoñecible e de calidade da ESEI.
	Realizar campañas de promoción da ESEI entre os centros de estudio dos alumnos potenciais.
	Divulgar os aspectos máis positivos e competitivos da ESEI mediante publicacións en medios de comunicación, charlas, conferencias, xornadas de portas abertas, vídeos e CDs promocionais,...
	Traducir ao inglés os temarios das asignaturas das titulacións da ESEI
Financiación	IMAXE CORPORATIVA E PUBLICIDADE Cantidade: 6000 euros Concepto: desenvolvemento de imaxe corporativa, publicidade,...
	TRADUCCÍONS DE CONTIDOS Cantidade: 800 euros Concepto: traducción ao inglés dos programas do curso 2005/2006
	Cantidade: 800 euros Concepto: traducción ao inglés dos programas do curso 2006/2007
	Cantidade: 1600 euros Concepto: traducción ao inglés da nova versión da web da ESEI
Observacións	

PLAN DE CALIDADE DOCENTE E ADAPTACIÓN Ó EEES

AM-CD-01/0607: PLAN DE TITORÍAS DE ORIENTACIÓN PARA NOVOS ALUMNOS	
Obxectivos	Cada alumno de nova entrada na titulación de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión terá asignado un profesor titor (orientador) Como mínimo o 50% do alumnado de primeiro curso acudirá polo menos unha vez ao despacho do seu titor-orientador.
Actuacións previstas	Incentivar a participación do profesorado
	Facilitar aos profesores participantes as direccións de correo electrónico dos alumnos asignados.
	Divulgar ao inicio de cada cuatrimestre, dende a Dirección, esta iniciativa entre o alumnado de primeiro curso.
	Solicitar ao profesorado participante un informe de seguimento da iniciativa.
Financiación	Cantidade: 2000 euros Concepto: incentivos de material para os profesores participantes
Observacións	

AM-CD-02/0607: PLAN DE ADAPTACIÓN Ó EEES	
Obxectivos	Duplicar o número de experiencias piloto de adaptación de materias á docencia ECTS. Elaborar e aprobar un calendario de adaptación á docencia ECTS das titulacións da ESEI.
Actuacións previstas	Incentivar a impartición de docencia con materias adaptadas a créditos ECTS.
	Organizar charlas e mesas redondas sobre as experiencias propias ou alleas da adaptación á docencia ECTS.
	Realizar estudos do rendimento académico e satisfacción do alumnado acadados nas materias con docencia ECTS en comparación co sistema tradicional.
Financiación	Cantidade: 10.000 euros Concepto: incentivos de material e equipamento aos profesores das materias adaptadas
Observacións	Sería importante estudar a posibilidade de financiar becas de apoio á docencia para a elaboración de boletíns de prácticas, asistencia en clases de laboratorios, etc.

AM-CD-03/0607: PLAN DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	
Obxectivos	Impartir cursos de formación complementaria para alumnos e profesores Manter e, de ser posible, incrementar o número de materias que impartan parte da súa docencia en algún idioma extranxeiro.
Actuacións previstas	Fomentar que o profesorado acuda ás convocatorias de Extensión Universitaria e outras para organizar cursos de interese para o alumnado.
	Celebración de conferencias de diversos temas no marco dos Coloquios Abertos
	Publicitar as charlas e conferencias tanto no ámbito universitario como fora do mesmo.
	Organizar un curso de inglés para o PDI e o PAS da ESEI
	Incentivar aos profesores que impartan algún grupo de docencia nun idioma extranxeiro
Financiación	<p>COLOQUIOS ABERTOS Cantidade: 1000 € (solicitaráse ao Vicerrectorado de Campus) Concepto: publicidade e organización dos Coloquios Abertos</p> <p>CURSO DE INGLÉS PARA PAS E PDI Cantidade: 3600 euros Concepto: impartir curso de inglés de 90 horas con tres turnos</p> <p>MATERIAS IMPARTIDAS EN IDIOMAS EXTRANXEIROS Cantidade: 600 euros Concepto: incentivos para os profesores que impartan algún grupo en algún idioma extranxeiro</p>
Observacións	Polo avanzado do curso no momento de elaborar este Plan de Melloras non se considera a realización dun Curso 0. Nembargantes, considérase de especial importancia que se teña en conta para o vindeiro Plan 2007/2008.

AM-CD-04/0607: PLAN DE MELLORA DO APRENDIZAXE (NON PRESENTADOS)	
Obxectivos	Reducir a porcentaxe de non presentados en todas as materias da ESEI por debaixo do 40%
Actuacións previstas	Detectar materias con altos índices de non presentados (superior ó 40% no curso 2005/2006), especialmente aquelas que teñen elevados índices de aprobados sobre presentados.
	Elaborar no Comité de Melloras un conxunto de medidas que facilitarían a redución da porcentaxe de non presentados.
	Solicitar aos profesores responsables das materias implicadas que indiquen as medidas do Comité de Melloras que adoptarán no curso 2006/2007
	Elaborar informes de cumprimento e seguimento das medidas adoptadas
	Publicitar adecuadamente entre o alumnado as cifras de aprobados sobre presentados en cursos anteriores nas diferentes materias do Centro.
	Incentivar ao profesorado das cinco materias con mellor índice de presentados no curso 2005/2006
	Incentivar ao profesorado das cinco materias con mellor índice de presentados no curso 2006/2007
	Incentivar ao profesorado das materias que participen na iniciativa de redución de non presentados en función dos resultados acadados.
Financiación	INCENTIVOS DAS MATERIAS CON MELLORES ÍNDICES 05/06 Cantidade: 3000 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según as actuacións previstas
	INCENTIVOS DAS MATERIAS CON MELLORES ÍNDICES 06/07 Cantidade: 3000 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según as actuacións previstas
	INCENTIVOS POR REDUCCIÓN DE NON PRESENTADOS Cantidade: 1200 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según as actuacións previstas
Observacións	

AM-CD-05/0607: PLAN DE MELLORA DO APRENDIZAXE (RESULTADOS ACADÉMICOS)	
Obxectivos	Reducir a porcentaxe de suspensos sobre alumnos presentados en todas as materias das titulacións da ESEI por debaixo do 40%
Actuacións previstas	Escoller un conxunto de materias con índices de suspensos sobre presentados por encima do 40%.
	Aprobar no Comité de Melloras un Índice de Resultados Docentes das materias da ESEI
	Elaborar no Comité de Melloras un conxunto de medidas que facilitarían a redución da porcentaxe de suspensos sobre presentados: <ul style="list-style-type: none"> • Titorías personalizadas para alumnos con máis de tres convocatorias consumidas. • Guardar partes superadas nunca convocatoria para convocatorias posteriores. • Medidas de incentivación da asistencia ás clases. • ...
	Solicitar aos profesores responsables das materias implicadas que indiquen as medidas do Comité de Melloras que adoptarán no curso 2006/2007
	Elaborar informes de cumprimento e seguimento das medidas adoptadas
	Publicitar adecuadamente entre o alumnado as cifras de resultados académicos en cursos anteriores nas diferentes materias do Centro.
	Incentivar ao profesorado das cinco materias con mellor Índice de Resultados Docentes no curso 2006/2007
Incentivar ao profesorado das materias que participen na iniciativa de redución de non presentados en función dos resultados acadados.	
Financiación	REDUCCIÓN DA PORCENTAXE DE SUSPENSOS Cantidade: 2500 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según as actuacións previstas. A metade adxudicarase ao inicio do Plan e a outra metade á finalización do curso 2006/2007 en función de se os obxectivos previstos foron acadados.
	MATERIAS CON MELLOR ÍNDICE DE RESULTADOS DOCENTE (IRD) Cantidade: 10500 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según as actuacións previstas
Observacións	Índice de Resultados Docentes: $IRD = \frac{Apr}{Matr} \times \left[(0,25 \times EAD_{mat}) + (0,75 \times VAD_{mat}) \right]$ <p>Apr: Alumnos aprobados Matr: Alumnos matriculados EAD_{mat}: valoración da materia na Encuesta de Avaliación Docente VAD_{mat}: media ponderada (según os créditos impartidos por cada profesor) da Valoración da Actividade Docente do profesorado da materia.</p>

PLAN DE XESTIÓN DE PROCESOS E SISTEMAS DE INFORMACIÓN

AM-PS-01/0607: PLAN DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN	
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> 1) Informatizar e unificar a publicación dos programas docentes e as solicitudes de software para a docencia. 2) Mellorar o sistema de xestión de convocatorias das comisións e Consello de Centro da ESEI 3) Mellorar a información sobre os datos de rendimient académico das materias da ESEI 4) Integrar a información dos diferentes sistemas de información
Actuacións previstas	Desenvolver unha nova web para a ESEI cos contidos actuais e servizos añadidos: artigos, buscadores, RSS,..
	Desenvolver un sistema de publicación dos programas docentes e xeneración das guías docentes, anticipándose ás necesidades futuras das guías ECTS. Permitirá realizar as solicitudes do software de docencia xunto co programa.
	Desenvolver un sistema de xestión de convocatorias de Consello de Centro e comisións da ESEI que englobe o sistema actual de publicación de convocatorias, actas e acordos. Prestaráse especial atención á unificación da información dos profesores, os seus horarios e a composición das comisións, co fin de acadar a máxima asistencia ás reunións.
	Desenvolver un sistema de información sobre os resultados académicos das materias da ESEI (encuesta de avaliación docente da materia, índices de suspensos e non presentados,...)
Financiación	<p>Desenvolvemento da web da ESEI Cantidade: 5500 euros Concepto: beca dun alumno de Enxeñería Informática ou Terceiro Ciclo Duración: 11 meses, 500 euros/mes</p> <p>Desenvolvemento do sistema de publicación das guías de titulación Cantidade: 4000 euros Concepto: beca dun alumno das titulacións da ESEI Duración: 8 meses, 500 euros/mes</p> <p>Desenvolvemento do sistema de xestión de convocatorias Cantidade: 1600 euros Concepto: beca dun alumno das titulacións da ESEI Duración: 4 meses, 400 euros/mes</p> <p>Desenvolvemento do sistema de información de rendimient académico Cantidade: 3200 euros Concepto: beca dun alumno das titulacións da ESEI Duración: 8 meses, 400 euros/mes</p> <p>Definición e planes de acceso aos repositorios de información da ESEI Cantidade: 4000 euros Duración: 8 meses, 500 euros/mes</p>
Observacións	

AM-PS-02/0607: PLAN DE DEFINICIÓN E PUBLICACIÓN DOS PROCEDIMIENTOS DA ESEI	
Obxectivos	Dispor dun documento no que se describan en detalle os principais procedimentos da ESEI (solicitude de PFCs ou prácticas en empresas, incorporación dun novo profesor, xestión de cambios no horario,...)
Actuacións previstas	Identificar os principais procedementos da ESEI
	Definición pormenorizada do fluxo, documentos, regras e participantes dos procedimentos seleccionados.
	Aprobación, publicación e divulgación dun documento de procedimentos
	Definición dun sistema de modificación dos procedimentos aprobados
Financiación	Sen financiación
Observacións	